

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **CANTO IV**  
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: CANTO IV									
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO			CANTO	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO	CANTO				XEFE DE DPTO.			Lorenzo de los Santos Gago	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Lorenzo de los Santos Gago
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	Horas de clase semanais:	1,5 horas
ECTS/CUAD.			9					Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA	
	Aida Cruz Estévez Nuria Lorenzo López				aidacruz@edu.xunta.gal nurialorenzolopez@gmail.com			xoves de 14:00 a 15:00 venres de 10:00 a 11:00	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Coñecemento das posibilidades técnicas do aparato fonador e utilización correcta deste nas interpretacións. Desenvolvemento das capacidades artística, musical e técnica e dun estilo propio baseado no coñecemento dos criterios interpretativos que permitan abordar un repertorio representativo e axeitado segundo as súas calidades vocais.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os adquiridos no cuadrimestre anterior
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina ten relación directa coas disciplinas propias do primeiro curso, como son o Repertorio Lied, Repertorio de Oratorio, e a Concertación) ademais de maneira propedéutica coas disciplinas de conxunto ou individuais de cursos posteriores (Escena lírica, Repertorio de Ópera e zarzuela, Repertorio do século XX-XXI, interpretacións históricas, Coro, e Música de cámara).  A disciplina de Canto debe capacitar ao alumno/a no exercicio dunha labor interpretativa de alto nivel de acordo coas características do seu instrumento, tanto no papel solista como formando parte dun conxunto, amosando suficiente coñecemento do seu instrumento e dominando as técnicas de interpretación do mesmo.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1 X3 X4 X6 X9 X10 X17 X21 X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI4, EI6, EI7, EI10
*Ver a listaxe e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Realizar as interpretacións demostrando o suficiente control corporal, cunha correcta respiración e emisión vocal, asimilando asemade actitudes que se deben eliminar por resultar nocivas.	T1, T2, T3, X1, X3, E17, EI1, EI2, EI5
Coñecer as técnicas escénicas que leva a súa actividade profesional	T2, T13, X9, X10, X17, X21, EI2, EI3, EI4, EI5

Desfrutar da experiencia gratificante que pode supoñer o encontro do timbre persoal da voz e cómo se pode mellorar a súa calidade sonora.	T2, T6, T13, X6, X9, X10, E11, E12
Exercitarse auditivamente sobre o timbre da propia voz e procura de distintos cores vocais.	T2, T6, T13, X6, X9, X10, E11, E12
Responder con control correcto do aire e a afinación na realización de vocalizacións diversas propostas polo profesor/a.	T2, T6, T13, X6, X9, X10, E11, E12
Responder correctamente as indicacións feitas polo profesor/a en todos os aspectos técnicos necesarios (legato, utilización dos resoadores, fraseo, conexión do aire ...).	T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X4, X9, X17, X21, E12, E13, E14
Utilizar as TIC en beneficio do seu estudo, tanto para ampliar coñecementos mediante a escoita de cantantes diversos como para facer gravacións na clase e nas audicións e facer exercicio de autocrítica.	T1, T2, T3, T13, T15, X4, X6, X9, X10, X17, X21, E14, E15
Aplicar toda a bagaxe de coñecementos no desenvolvemento da súa vida profesional.	T1, T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X4, X6, X9, X10, X17, X21, E11, E12, E13, E14, E15

#### 4. CONTIDOS

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1- Recursos de técnica vocal para canto lírico.	A relaxación e respiración Anatomía e fisioloxía aplicada ao canto. Esquema Corporal Vocal Exercicios de vocalización Aplicación técnica na interpretación do repertorio	10
2- A articulación e o fraseo. A dicción	Articulación, dicción e proxección correctas e dicción así como unha liña melódica expresiva. Estudo de pasaxes das obras a interpretar dentro do seu repertorio Elementos formais do repertorio adecuado á súa voz.	1*
3- A afinación	Habilidades necesarias para realizar unha lectura dunha obra sen necesidade de facer soar a totalidade de elementos que a completan. Exercicios de vocalización específicos Estratexias para saber afinar con precisión.	1*
4- O estilo interpretativo	Análise do texto, da línea do canto, da pronunciación e dicción. Coñecemento dos diferentes autores, épocas e estilos. Adecuación vocal á época, xénero e estilo das diferentes obras que o alumno/a deba interpretar. Construción da personaxe Actividades para o estudo individual do alumno: Dominio técnico do instrumento.	2*
5- Estratexias de aprendizaxe e estudio	Métodos de concentración Memoria musical. Preparación para a interpretación en público.	1*
6- As TIC e os seus beneficios no estudio	Utilización de métodos audiovisuais diversos cara ao estudo na casa ou	1

	no centro		
	Aplicacións das TIC na clase.		
*Os contidos 2 ao 5 reflíctense temporalizados nunha sesión, aínda que, polo seu carácter transversal, na práctica serán traballados ao longo de tódalas sesión.			16
<b>TOTAL SESIÓNS:</b>			
<b>5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA</b>			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúe o alumno/a ao comezo do curso, e exposición das expectativas que ten cara ao cuadrimestre que comeza).	1		1
Exposición maxistral (Contextualización das obras escollidas para o seu repertorio e puntualizacións técnicas das mesmas.)	1		1
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	2		2
Práctica individual (Tempo de estudo individual do alumno, que dedicará á práctica vocal e do repertorio, en clase ou na casa)	16	96	112
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase ou na casa do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a con respecto á práctica vocal, estilo das obras que deberá interpretar, fonética...)	3	3	6
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).		80	80
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, interpretacións públicas con fins socio-culturais, solista ou en formacións camerísticas).		60	60
Tutorías (atención particular ao alumno/a)		6	6
Actividades de avaliación:			
- Probas Audición de repertorio adecuado á súa voz, no que demostre o suficiente control técnico durante a interpretación do mesmo.	0,5	0'5	1
- Revisión de probas	0,5	0'5	1
<b>TOTAL HORAS:</b>			270

<b>6. AVALIACIÓN</b>			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
-Seguimento do rendemento do alumno (Caderno do Profesor) O programa do curso consistirá no estudio e interpretación, como mínimo das seguintes obras: 1 aria de ópera u opereta. 1 romanza de zarzuela 3 cancións de concerto ou ciclo corto. 3 lieder ou 1 ciclo corto. 2 obras de libre elección. Neste programa incluírase algunha obra en lingua inglesa. No se poderá repertir obras cantadas en cursos anteriores. *Tendo en conta as características vocais do alumnado e o nivel deste, o profesorado poderá modificar o repertorio fixado.	Asistir ás clases con regularidade e puntualidade. Amosar unha actitude positiva e interese pola disciplina. Aplicar unha correcta hixiene vocal, con hábitos beneficiosos para a súa saúde Realizar eficazmente os exercicios propostos na aula. Demostrar capacidade de resposta na asimilación dos diferentes conceptos técnicos, estilísticos e musicais que se traballarán nas sucesivas clases. Demostrar un control correcto da columna do aire (apoiado, legato, línea..) e a afinación na realización de vocalizacións e obras do repertorio propostas polo profesor/a.. Empregar coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das pezas que se traballen.	Todas a enumeradas para o cuadrimestre	60%

	<p>Demostrar espírito crítico e a autonomía no desenvolvemento da aprendizaxe e do estudo da técnica e da interpretación vocal.</p>		
<p>-Audicións-exames de aula.</p>	<p>Demostrar unha correcta utilización da técnica vocal na interpretación do repertorio  Utilizar a pronunciación correcta do texto, a través dunha axeitada articulación, dicción e proxección.  Interpretar o repertorio con soltura e seguridade na presenza escénica.  Empregar coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das pezas que se traballen.  Demostrar un control correcto da columna do aire (apoio, legato, línea..) e a afinación na realización de vocalizacións e obras do repertorio propostas polo profesor/a.</p>	<p>Todas as enumeradas para o cuadrimestre</p>	<p>20%</p>
<p>-Audición pública.  O examen consistirá na interpretación das obras traballadas ao longo do cuadrimestre. O tempo de duración da proba será de 20 minutos como mínimo.  Todas as obras, menos repertorio sacro, deberán ser interpretadas de memoria.</p>	<p>Demostrar unha correcta utilización da técnica vocal na interpretación do repertorio  Utilizar a pronunciación correcta do texto, a través dunha axeitada articulación, dicción e proxección.  Interpretar o repertorio con soltura e seguridade na presenza escénica.  Empregar coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das pezas que se traballen.  Demostrar un control correcto da columna do aire (apoio, legato, línea..) e a afinación na realización de vocalizacións e obras do repertorio propostas polo profesor/a.</p>	<p>Todas as enumeradas para o cuadrimestre</p>	<p>20%</p>
<p><b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b></p>			
<p>O exame consistirá na interpretación de todo o repertorio establecido para o cuadrimestre/curso.</p>	<p>Aplicar unha correcta hixiene vocal, con hábitos beneficiosos para a súa saúde.  Controlar a respiración e o apoio costodiafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria.  Demostrar un coñecemento e práctica da técnica vocal para lograr unha correcta produción sonora.  Demostrar un control correcto do aire e a afinación na realización de vocalizacións diversas propostas polo profesor/a.  Amosar coñecemento suficiente dos diferentes rexistros vocais, así como as posibilidades sonoras de cada unha delas.  Demostrar unha correcta utilización da técnica vocal na interpretación do repertorio.  Empregar coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das pezas que se traballen.</p>	<p>Todas as enumeradas para o cuadrimestre</p>	<p>100%</p>
<p><b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)</b></p>			
<p>Máis de tres faltas de asistencia á clase implicarán a perda de avaliación continua, tendo que someterse o alumno/a ao procedemento de avaliación alternativa.</p>			
<p>O exame consistirá na interpretación de todo o repertorio establecido para o cuadrimestre/curso.</p>	<p>Aplicar unha correcta hixiene vocal, con hábitos beneficiosos para a súa saúde.  Controlar a respiración e o apoio costodiafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria.  Demostrar un coñecemento e práctica da técnica vocal para lograr unha correcta produción sonora.  Demostrar un control correcto do aire e a afinación na realización de vocalizacións diversas propostas polo profesor/a.  Amosar coñecemento suficiente dos diferentes rexistros vocais, así como as posibilidades sonoras de cada unha delas.  Demostrar unha correcta utilización da técnica vocal na interpretación do repertorio.</p>	<p>Todas as enumeradas para o cuadrimestre</p>	<p>80%</p>

Presentación e defensa dun traballo relacionado coa disciplina seguindo as directrices marcadas polo profesor en canto a formato e contido.	Empregar coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das pezas que se traballen.	Todas as enumeradas para o cuadrimestre	20%
	Amosar coñecemento suficiente da disciplina. Expor con claridade os conceptos e saber transmitirlos de maneira adaptada ás circunstancias. Demostrar control durante a exposición tanto da secuenciación dos contidos como do tempo utilizado para cada un deles.		

## 6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O exame consistirá na interpretación de todo o repertorio establecido para o cuadrimestre/curso.	Aplicar unha correcta hixiene vocal, con hábitos beneficiosos para a súa saúde. Controlar a respiración e o apoio costodiafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria. Demostrar un coñecemento e práctica da técnica vocal para lograr unha correcta produción sonora. Demostrar un control correcto do aire e a afinación na realización de vocalizacións diversas propostas polo profesor/a. Amosar coñecemento suficiente dos diferentes rexistros vocais, así como as posibilidades sonoras de cada unha delas. Demostrar unha correcta utilización da técnica vocal na interpretación do repertorio. Empregar coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das pezas que se traballen.	Todas as enumeradas para o cuadrimestre	80%
	Presentación e defensa dun traballo relacionado coa disciplina seguindo as directrices marcadas polo profesor en canto a formato e contido.		

*Para a poder optar á Matrícula de Honra, o alumnado deberá obter cunha cualificación de sobresaínte na disciplina. O/a profesor/a da do/a alumno/a comunicará ao departamento ao do final da semana dos exames. Os/as alumnos/as deberán realizar unha proba deseñada polo departamento a tal fin, cunha convocatoria específica para o mesmo, e que non excederá na súa totalidade dos 30 minutos de duración*

## 7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asemade terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

No presente curso académico non hai alumnado da especialidade que precise pautas por necesidades educativas especiais.

## 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

- Allió, Miriam: *Los espacios de la voz*. Edit. Clivis
- Allió: *Reflexiones sobre la voz*. Edit. Casa Beethoven
- Bustos, Inés: *La voz*. Edit. Paidotribo
- Concone: *15 vocalizzi*. Edit. Ricordi
- De Mena, Ana: *Educación de la voz. Principios fundamentales de ortofonía*. Edit. Aljibe
- Ferrer: *Teoría y práctica del canto, El camino de una voz*. Edit. Herder
- Jackson Menaldi, Cristina: *La voz normal*. Edit. Médica hispanoamericana
- Lehmann, Lilli: *How to sing*. Edit. Dover
- Mansion: *Estudio del canto*. Edit. Ricordi americana
- Perelló-Montserrat Caballé: *Canto-Dicción*. Editorial Científico-médica. Barcelona, 1982
- Quiñones, Carmen: *Programa para la prevención y el cuidado de la voz*. Edit. Praxis
- Regidor, Ramón: *La clasificación de la voz*. Real Musical
- Regidor, Ramón: *Temas del canto. El aparato de fonación*. Real Musical. Madrid, 1975
- Ricci: *Variazioni-cadenze tradizioni*. Edit. Ricordi
- Ristad: *La música en la mente*. Edit. Cuatro vientos
- Turina: *Vocalizaciones*. Edit. Unión musical española